



mercado DO mar

MERCADO E ACTIVIDADES
PARA TODOS OS PÚBLICOS

XARDÍNS DE MÉNDEZ NÚÑEZ
SÁBADO 23 E DOMINGO 24
SETEMBRO

FESTIVALMARDEMARES.ORG



VOLVE O MERCADO DO MAR

Volve a demostración de como é posíbel quitarlle partido aos valiosos recursos dos océanos sen condenar o seu futuro, da man de entidades que traballan co mar de xeito sustentable. E para celebrar todo o que mar nos dá, tamén poderás gozar de obradoiros para todas as idades, degustacións, proxeccións, actividades infantís, zona de comida e concertos de música en directo. Todos estes eventos forman parte da programación do Festival Mar de Mares.



O MAR É MULLER

Mar de Mares é un evento único e multidisciplinar que convida a celebrar e defender os océanos como fonte de riqueza natural imprescindible. Na súa cuarta edición o Festival quere sacar a flote historias de mulleres de mar que achegan o seu esforzo e o seu coñecemento, mulleres que saben enfrontarse aos prexuízos e son quen de impoñerse traballando arreo no mar e polo mar.

BEGOÑA PÉREZ. OBRADOR LAMPREA

Teño esperanza nas novas xeracións, os nenos están máis concienciados coa natureza, co mar e coa igualdade de xénero.

NIEVES MEDINA, CONSERVAS CURRIMAR

*En la empresa somos todas mujeres.
No somos machos pero sí somos muchas.*

SONIA GARCÍA. EL MAR AL PUNTO

*Os comezos como empresaria son complicados.
O sector non está afeito a ter mulleres que manden.*

CARMEN SÁNCHEZ. CONSERVAS GALURIÑA

Temos que facer un maior esforzo por coidar o mar, non só as que traballamos nel, é un deber para toda a cidadanía.

MAICA PEREIRA. CONSERVAS SOTAVENTO

*Na conserva a muller sempre traballou na manipulación,
na produción... Agora empezamos a dirixir.*



HORARIOS

SÁBADO 23 DE SETEMBRO

12 h Apertura do Mercado do Mar

12 h Obradoiros de reciclaxe con Coca Cola. Público infantil (ata as 14.30 h na carpa de Coca Cola)

12.30 h "Operación Plancton". Espectáculo de Títeres Entucasa, para aprender como afecta a contaminación aos animais mariños, e en especial ao plancton. Público infantil (Palco da Música)

13.30 h Degustación El Mar al punto. Coñece e saborea os mellores mariscos e peixe da costa galega (no stand de El Mar al punto)

14 h Música a Mares. Sesión vermú con Elegant

15 h "Isto non é unha lata". Aula informativa e inchable sobre a reciclaxe da campaña Oportunidades para reciclar con Ecoembes, SOGAMA e Xunta de Galicia (ata ás 19 h)

17 h Obradoiros de reciclaxe con Coca Cola. Público infantil (ata as 20 h na carpa de Coca Cola)

18.30 h "Tesouros das nosas rías". Showcooking con degustación para aprender a diferenciar especies, algún truco culinario e saborear os tesouros das nosas rías elaborados pola cociñeira Lucía Freitas, do Restaurante A Tafona, con produtos do selo pescadeRías (reserva no stand do Festival)

19 h Visita comentada á exposición Na beira de Cristina Mittermeier. Todos os públicos (Sala Municipal de Exposicións Palexco)

20 h Galuriña: degustación de empanada de polbo de lonxa (no stand de Galuriña)

20.30 h Música a Mares con The Aerial Roots





HORARIOS

DOMINGO 24 DE SETEMBRO

11 h Apertura do Mercado do Mar

12 h Obradoiros de reciclaxe con Coca Cola. Público infantil
(ata as 14.30 h na carpa de Coca Cola)

12.30 h Encontro con Mulleres Emprendedoras do Mar

Coñeceremos as dificultades ás que se enfrontaron empresarias xa consolidadas coma Nieves Medina, de Conservas Currimar; a acabada de chegar Eva Lojo, de Conservas Sotavento e Rosa Rodríguez, que apostou pola diversificación desde a Asociación de Redeiras Illa da Estrela. Modera Rita Míguez, mariscadora e presidenta da Asociación Nacional de Mulleres da Pesca (Anmupesca)

13.30 h Degustación de produtos artesanais de Conservas Sotavento
(no stand de Conservas Sotavento)

14 h Música a Mares. Sesión vermú con **Marian Ledesma & Tinaquero Brothers**

17 h “O placton: alimento do mar”. Obradoiro educativo cos científicos do Centro Oceanográfico da Coruña. Todos os públicos

17 h Obradoiros de reciclaxe con Coca Cola. Público infantil
(ata as 20 h na carpa de Coca Cola)

18 h Obradoiro creativo con crebas. Os máis pequenos espertarán toda a súa creatividade empregando obxectos atopados nas praias, da man dos artistas de RetoqueRetro.
Público infantil (no stand de RetoqueRetro)

19 h Visita comentada á exposición Na beira de Cristina Mittermeier.
Todos os públicos (Sala Municipal de Exposicións Palexco)

19.30 h Música a Mares con Adhara & Ritman





E ADEMAIS...

EXPOSICIÓN UN MAR DE MULLERES. PAULA PÉREZ

Sen elas non existiría o mar. Rosana, Eva, Elisa, Begoña, Carmen, Mercedes, Ana Belén, Silvia, Guillermina e Concepción son as penélopes de hoxe. Son mulleres que non quixeron que a súa vida fose agardar a volta do mariñeiro a terra e, así, tomaron as súas cartas de navegación e trazaron a ruta da súa propia travesía. Percebeiras, fareiras, mariñeiras, mariscadoras, redeiras... todas elas levan sal na pel e reclaman o seu espazo nun mundo que tradicionalmente foi sempre masculino.

TRÁILER GADIS

Coa mostra itinerante sobre consumo responsable e alimentación saudable Alixeira a túa vida. Prevención da Obesidade (en colaboración coa Fundación SEEDO), proxección de vídeos e os documentais Un Mar de Mulleres e As Mulleres e o mar.

ZONA GASTROMAR CON FOODTRUCK E BARRA

Celebra o mar coa mellor música ao vivo mentres gozas das saborosas especialidades mariñas da zona Gastromar con foodtruck e barra





QUEN ESTÁ NO MERCADO DO MAR

Conservas Mar de Ardora, algas mariñas ecolóxicas.

Conservas Currimar, conservas artesanás de bonito e polbo.

Conservas Galuriña, empanadas galegas con algas e outros produtos do mar.

Conservas Sotavento, novidosas conservas artesanás.

Obrador de Lamprea, conservas e afumados de lamprea.

El Mar al punto, marisco e peixe galego de primeira calidade.

DaVeiga, galletas mariñeiras.

Coído Sabadelle, auga de mar embotellada para uso alimentario.

Asoc. Redeiras Illa da Estrela de Corme, artesanía elaborada con redes de pesca.

RetoqueRetro, arte e reciclaxe feitos con crebas.

APAMP (Asociación de familias de persoas con parálise cerebral), artesanía con temas mariños.

Montse Betanzos, colares e complementos con cunchas.

Asoc. Redeiras do Baixo Miño Atalaia de A Guarda, artesanía elaborada con redes de pesca.

Cuatro Pececitos, artesanía con crebas.

Consellería do Mar da Xunta de Galicia.

CANDO E ONDE ESTÁ O MERCADO DO MAR

Atoparasnos nos Xardíns de Méndez Núñez, zona Kiosco Alfonso.

Horario:

Sábado 23 de setembro de 12 a 21 h

Domingo 24 de setembro de 11 a 20 h



FESTIVAL
**maR de
maRes**

A CORUÑA
19-24 SETEMBRO 2017

ACTIVIDADES ATA O 19 DE NOVEMBRO

FESTIVALMARDEMARES.ORG



UNIÓN EUROPEA
Fondo Europeo da Pesca
Investimos na pesca sostible

galicia
o bo camiño



XUNTA
DE GALICIA

GADIS



ESTUDIOS
MANS



SIENTE EL SABOR



Grupo de Acción Local
do sector Pesqueiro
Ría de Pontevedra



Grupo de Acción Local
do sector Pesqueiro
Ría de Vigo-A Guarda



ORGANIZA

CARAVAN
PROYECTOS DE CULTURA

crea
arte